



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	O Proxecto de Dirección no Marco dos Proxectos Educativos de Centro		Código	652536011	
Titulación	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Castro Rodríguez, M ^a Montserrat	Correo electrónico	maria.castror@udc.es		
Profesorado	Castro Rodríguez, M ^a Montserrat Rego Agraso, Laura	Correo electrónico	maria.castror@udc.es laura.rego@udc.es		
Web					
Descrición xeral	A elaboración dun proxecto de dirección é unha función específica que teñen todas as direccións de institucións. Por tanto, coñecer qué e cómo elaborar un proxecto de dirección para un centro educativo, é un dos obxectivos desta materia. Existe unha lexislación vixente que orienta o deseño dun proxecto educativo, que convive con modelos teórico-prácticos de dirección diferentes. A materia servirá de oportunidade para coñecer de primeira man experiencias directivas a través do diálogo coas persoas protagonistas.				



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías:</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sesión maxistral por teams - Portafolios(computa na avaliación). - Simulación <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: Non se realizan cambios.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correo electrónico: Diario. Para solicitar encontros virtuais individuais e grupais. - Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos portafolios na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. De 1 sesión semanal (ou máis segundo a demanda do alumnado) en pequeno grupo (ata 4/6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?portafolios e simulación?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado ás necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia. <p>4. Modificacións na avaliación:</p> <p>Mantéñense as metodoloxías de avaliación e os pesos de cada unha na calificación global.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Portafolios (50%). Os criterios de avaliación responderán aos criterios marcados en cada unha das prácticas que se entreguen. - Simulación: 50% <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente a excepción de que as referencias ao cómputo de asistencia se realizará respecto ás sesións que houbo presencialmente ata o momento de suspenderse a actividade presencial.</p> <p>SITUACIÓNS:</p> <p>A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%. Elaboración e presentación dos portafolios en pequeno grupo</p> <p>B) Os/as estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de asistencia segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212) deberán entregar os portafolios e simulación de maneira individual.</p> <p>REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asistir e participar regularmente nas actividades da clase. - Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (portafolios e simulación). - Entregar os portafolios e simulación na data que se indique. - A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño. <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo na plataforma Moodle.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A14	E14: Xustificar a organización dos centros escolares por proxectos.
B2	CB7: Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8: Que o estudantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.



B4	CB9: Que o estudiantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B14	G9: Dirixir estratexicamente: planificar, implementar e avaliar plans e proxectos dos centros educativos.
C1	T1: Expressarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas línguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	T4: Desenvolverse para o exercizo dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C5	T5: Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	T8: Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	T9: Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ao terminar con éxito esta materia, o estudiantado será capaz de: · Propoñer proxectos educativos.	AM14	BM2 BM3 BM4 BM14	CM1 CM4 CM9
· Argumentar a importancia da xestión do centro por proxectos.	AM14	BM3 BM4	CM1 CM8
· Identificar e seleccionar os principios que sustentan a cultura axiolóxica, organizativa e metodolóxica dun centro educativo.	AM14	BM2	CM9
· Planificar e levar a cabo propostas pedagóxicas innovadoras basadas na equidade, na democracia e na inclusión.		BM14	CM1 CM5 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O proxecto educativo como eixe da innovación educativa para a transformación social.	· Análise diagnóstico do centro docente. · Áreas de mellora. · Obxectivos do proxecto.
2. Organización do centro por proxectos.	Plans de actuación e a súa temporalización. · Recursos e organización do centro para acadar os obxectivos.
3. Ferramentas para a avaliación, reflexión e mellora dos documentos institucionais dos centros escolares	· Seguimento e avaliación do proxecto: indicadores de logro

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A14 B3 B14	7	18	25
Portafolios do alumno	B2 B4 C1 C4 C5 C8 C9	2	16	18
Eventos científicos e/ou divulgativos	A14 B2 B3	6	0	6
Simulación	A14 B2 B3 B4 B14 C4	1	0	1
Aprendizaxe colaborativa	A14 B3 C4 C7	2	20	22
Atención personalizada		3	0	3



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Profesionais das equipas directivas de distintos centros da comunidade autónoma participarán nas clases.
Simulación	Realización dun proxecto de dirección para un centro educativos seguindo a lexislación vixente. O índice do proxecto será o proporcionado pola propia lexislación.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Simulación Aprendizaxe colaborativa Sesión maxistral Portafolios do alumno	O profesorado realizará un seguimento do traballo do alumnado asistente a través das prácticas que vaia realizando. É importante que o alumnado realice as súas prácticas desde o primeiro día e acuda ás titorías de maneira asidua co fin de resolver as dúbidas que estime oportunas. As titorías desenvolveranse realizaranse por teams ou na clase se fose preciso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Simulación	A14 B2 B3 B4 B14 C4	Traballo en equipo. Cada equipo elaborará un proxecto de dirección seguindo as pautas recollidas na lexislación vixente.	50
Portafolios do alumno	B2 B4 C1 C4 C5 C8 C9	Traballo individual. É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.	50



Observacións avaliación

Critérios para superar a materia:

1. Os portafolios e Simulación/proxecto de dirección subiranse á Campus Virtual
2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (portafolios e simulación/proxecto de dirección).
3. Entregar os portafolios e simulación/proxecto de dirección na data que se indique.

SITUACIÓNS:

O alumnado con recoñecemento de dedicación

a tempo parcial e dispensa académica de asistencia segundo establece a

"NORMA QUE REGULA Ou RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DÚAS ESTUDANTES DE GRAONA UDC (Arts. 2.3; 3. b e 4.5) (29/5/2012) deberán entregar o portafolio e proxecto maneira individual.

A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.

Fontes de información

Bibliografía básica

- García Cabrera, María del Mar (2016). Vivir la escuela como un proyecto colectivo: manual de organización de centros educativos. Madrid: Pirámide
 - Montero Alcaide, A. (2007). Proyecto de dirección y ejercicio directivo. Las Rozas: Wolters Kluwer España
 - San Fabián Maroto, José Luis (2013). Autoevaluación de centros educativos: cómo mejorar desde dentro. Madrid: Síntesis
-

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías